

FARO DA CULTURA

nº 191 • Xoves, 18 de xaneiro de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena

Tal no conto do lobo, aínda que sen falsas alarmas, os avisadores do risco de queantamento do planeta eran como aqueles profetas que clamaban no deserto. Desde os diversos sectores económicos (quer do capital, quer dos traballadores) a cousa non ía con eles. Os beneficios seguían a caer en forma de dividendos ou de postos de traballo. Ensaio, traballos científicos, accións resistentes contra a contaminación da atmosfera... eran esquecidos en nome de desenvolvemento e da calidade de vida do consumo. Alén, a explosión da tecnoloxía electrónica coa aparición dos fabricantes asiáticos permitía ofertar prezos asequibles a obxectos que, como o ar condicionado, antes eran artigos de luxo. O consumo de enerxía para xerar electricidade e mover un crecente parque automobilístico ficaba consagrado como novo becerro de ouro.

Nos anos oitenta, as esquerdas orgánicas europeas, escravas das razóns de Estado, eran en consecuencia servidoras tamén das monopolios nacionais da enerxía; unicamente a nova esquerda verde presionaba contra a dependencia nuclear. E se algunha voz se ergueu a contrarrente nas esquerdas orgánicas, caso do alemán Oskar Lafontaine, chegaba tarde a unha Europa cuxo aparato produtivo comezaba a ollar cara á China. Unha Europa (reflexionaba Lafontaine) que, a diferenza de Rusia e dos Estados Unidos, non tiña espazos amplos e ermos para os residuos nucleares. Cando a Europa do Leste e mais a China pasaron a ser obxecto da cobiza das economías occidentais, calquera reorientación das políticas de consumo enerxético era utopía.

Mais cando alguén procedente do establishment norteamericano, como o ex-vicepresidente Al Gore, fixo da loita contra a contaminación a súa bandeira, era sinal que aqueles avisos de “vén o lobo” ían definitivamente en serio. Malia as recomendacións acordadas en Kyoto, as principais potencias económicas seguían a ollar a outra parte. E o que durante moitos anos foi unha literatura marxinal, co aviso da apocalipse do queantamento global, pasou a ocupar unha posición central.

Se aos cines chegou *Inconvenient truth* (“Verdade inconveniente”) da man de Al Gore, os alzadoiros das librerías exhiben con éxito unha morea de títulos verbo do risco da decadencia planetaria. Se a media mensual de libros en inglés sobre o queantamento é de quince, non cabe dúbida que trascende a dimensión de moda. A cousa, pois, vai en serio. Podemos optar entre traballos xornalísticos como *Marea alta* de Mark Lynas e *A ameaza do cambio climático: histo-*

Literatura da Apocalipse

JOAQUIM VENTURA

ria e futuro de Tim Flannery, ensaios sobre os efectos nas especies como *Ecocidio* de Franz J. Bromwimmer ou informes científicos como *O cambio climático: o queantamento da Terra*, coordinado por Alicia Rivera. De factura española tamén temos obras como o diálogo entre Miguel Delibes e o seu fillo Miguel Delibes de Castro (director de Doñana) recollido en *La Tierra herida: ¿qué mundo herederán nuestros hijos?* ou *El cambio climático*, de Enric Llebot

Cal futuro?

Pero o interese literario por salvar a integridade da natureza tamén está presente na prosa. Alén do noso Manolo Rivas, José Saramago, Miguel Delibes, Michel Tournier ou Gao Xingxian, entre outros, incorporaron ás súas obras a presenza da ecoloxía. Mesmo na novela criminal, o delito ecolóxico xa ten cabida. Así o suco Hanning Mankell —activista medioambiental alén de escritor— sitúa algunhas das súas novelas en paisaxes depredadas pola contaminación. Tamén chegou o tema (en forma de ecoterroristas) ao mundo dos bestseller con *Estado de medo* de Michael Chrichton (o autor de *Parque xurásico*). De Alemaña chega *O quinto día*, da man de Frank Schätzing.

Como tantas outras cousas, e malia a condición panfletaria (no seu senso positivo) de moitos destes traballos —e Al Gore era o primeiro en recoñecerlo verbo do seu documental—, o cambio de orientación só chegará cando afecte ás contas de resultados; neste caso das aseguradoras e da sanidade pública. Velaí os primeiros pasos dados recentemente pola UE para reducir as emisións contaminantes, **c a u s a n t e s** anualmente de case corenta mil mortes prematuras en Europa. Iso si, sempre nos quedarán os libros.



* ENTREVISTA: O MÚSICO XICO DE CARIÑO PRESENTA “SOLAINA” / Páx. III

* MOSTRA: A ESCOLA DE BARBIZON NO CENTRO CAIXANOVA / Páx. VI

* “A PER LOCA”: MÚSICA GALEGA DE AGORA MESMO / Páx. VIII



Casa-vivenda tradicional das grandes chairas de Lugo.
/ JUAN RODRÍGUEZ

Con raíces

O estudo da arquitectura popular trasládanos a un mundo que foi, pero que xa non é. O tránsito cara á sociedade moderna supuxo a transformación do mundo rural e con ela a alteración dos espazos arquitectónicos, a especulación, as agresivas transformacións... Pedro de Llano cre que a solución só poder vir da man dunha política de defensa da arquitectura popular, pois só desde aí poderemos asentarmos a nova arquitectura do futuro. O autor remata a súa obra cunha conclusión titulada "Arquitectura con raíces" e que sintetiza de maneira moi exacta o propósito do libro. Toda arquitectura feita hoxe debe ser actual, innovadora, pero capaz de adaptarse tamén ás características sociais, culturais e xeográficas do medio no que se vai inserir. A exploración da arquitectura autóctona, "sen arquitectos" debe ser un dos elementos de estudo de todo arquitecto contemporáneo se queremos evitar bodrios arquitectónicos que unicamente serven para rachar a desexada harmonía arquitectura-medio. Isto en ningún caso significa que a arquitectura deba repetir solucións do pasado; De Llano reivindica unha arquitectura de futuro, que integre tres elementos básicos: dunha banda, a análise da cultura material galega, da tradición, un fondo estudo do que fomos. Doutra, o estudo das correntes actuais teóricas e prácticas a nivel internacional. E sumado a isto unha actitude dialéctica entre permanencia e utopía. O resultado: "unha obra arquitectónica que respete as condicións concretas de Galicia e responda ós problemas desde unha intervención transformadora para integrarse nas vangardas arquitectónicas do noso tempo (...) Unha obra que arraigada no seu medio sexa capaz de mirar lúcida cara ao futuro".

Hai algo máis de vinte anos, o COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) publicaba a obra de Pedro de Llano, *Arquitectura popular en Galicia. Razón e Construción*, que agora volve ver a luz da man de Edicións Xerais. Este novo traballo, ampliado e actualizado, supón unha volta á arquitectura tradicional, reivindicándoa coma un dos alicerces sobre os que asentarmos calquera arquitectura galega de futuro. Con tratamento gráfico de Alfonso Salgado e fotografías de Juan Rodríguez, o libro presenta unha cuidadísima edición e constitúese como unha obra de referencia que cómpre coñecer.

A obra é un estudo en profundidade do que foi a tradicionalmente a casa galega: os muros de pedra, ben fora cachotaría de granito, de lousa, con croios, de perpiaño ou de cantaría; as cubertas de tella, pedra ou vexetais como o colmo; como aberturas ventás, portas e bufardas (nas cortes) con ferraxes de madeira, ferro ou chave; os accesos exteriores con patín, corredores e solainas; as divisións interiores, de madeira de carballo ou castiñeiro. Casa tradicional elaborada como resposta ás esixencias dunha serie de condicionamentos importantes. En primeiro lugar, a arquitectura popular constrúe a partir dos materiais existentes na zona. Ou sexa, que a abundancia de granito no sur galego, de cachotaría no centro e noroeste; de granito gnéisico nas terras de Melide ou Viana do Bolo ou de lousa no noroeste determinarán o elemento de construción das citadas zonas xeográficas. Doutra beira, a climatoloxía, que supón unha atención especial non só ós materiais, senón tamén á orientación da casa e a súa ubicación.

A xeira das construcións populares

MARUXA GESTOSO
ÁLVAREZ

E en terceira instancia, a función social e cultural, que marcará verdadeiramente a distribución dos espazos interiores.

A casa tradicional galega, tal e como chega ata nós, é unha resposta ao sistema económico no que se inserta, distinguindo así dúas tipoloxías básicas: casa labrega e casa mariñeira. Tanto nunha como noutra as actividades do agro ou do mar son as que determinan a distribución; os habitáculos destinados a vivenda serán en todo caso secundarios e dependentes daquelas.

A casa mariñeira resérvalle un lugar moi importante ao almacén onde gardar os útiles de traballo. Hainas de planta terrea, que teñen un certo carácter cidadán e que, como sinala Xaquín Lorenzo, sitúan unha grande ventá acarón da porta principal, desde onde se vendían determinados produtos cara á rúa. Aparece tamén a chamada casa do pincho, que podemos observar aínda hoxe nas Rías Baixas, situada entre dúas medianeiras e que ten como

característica básica que a fachada está constituída por un dos seus muros piñón. Podemos falar ademais da casa do remo, moi estreita e cun gancho no cume do tellado para pendurar as redes e poder reparalas. Como solución ao acceso ao andar superior, é frecuente atopar nas casas das Rías Baixas o patín. E como elementos de moita da construción mariñeira popular aparecen as galerías e os soportais.

A casa labrega presenta como modelo máis común é a casa rectangular terrea, cun único espazo interior (que cumpre todas as funcións) ou, nos casos de maior evolución, dous espazos (as cortes e a vivenda). De feito, a primeira das divisións existentes na casa labrega tradicional foi un taboado para separar o lugar dos animais desoutro das persoas. O espazo central é a cociña, que cumpre a función de sala de estar, comedor e mesmo nalgúns casos de dormitorio. O elemento básico da cociña galega é a lareira. Acarón do lume xira a vida doméstica do labrego. Se central é a cociña, non o son menos as cortes que ás veces ocupan máis espazo físico que o resto da vivenda. Aparecen tamén os dormitorios e a sala, habitación reservada para as festas. Existen ademais outras dependencias auxiliares importantes: o alpendre, a adega, o poleiro...

A transformación do sistema económico e cultural supón o abandono das vellos solucións populares. Obras como a de Pedro de Llano lémbrennos que fomos, quen somos e axúdanos a resituar e ancorar en puntos firmes o noso deseño de quen queremos ser.

Sen arquitectos

A transformación do sistema económico e cultural supón o abandono das vellos solucións populares. Obras como a de Pedro de Llano lémbrennos que fomos, quen somos e axúdanos a resituar e ancorar en puntos firmes o noso deseño de quen queremos ser.

ENTREVISTA

Como e cando comezou a andaina de Na Virada?

-Iniciouse no ano 2000. Polo meu traballo como músico, e tamén como profesor de música, eu tiña moitos temas ciscados por aí que quería recopilar e deixar gravados. Propúxenlle o proxecto a unha serie de xente e creamos a sociedade cultural. Eramos arredor duns vinte, entre os que había artesáns de instrumentos, musicólogos -eu mesmo estudei musicoloxía en París-, músicos de diferentes tendencias, e persoas ligadas ao asociacionismo cultural. Así fixemos *Rolada das Cantigas*, un disco de produción propia cuxa distribución levou a cabo Kalandraka.

-Nese primeiro traballo musicaron textos de Rosalía, Neira Vilas... seguiron algún criterio á hora de elixilos?

-Como xa digo, son temas que foron xurdindo ao longo da miña experiencia e da miña actividade, tanto musical como teatral. Por exemplo, os cinco textos de Neira Vilas son cantigas que pertencen ao libro infantil *Cantarolas e contos prá xente miúda*, e que nós tocabamos nun grupo de títeres que tiñamos en Vigo hai anos, Faba na Ola, co que fixeramos tamén unha adaptación para títeres de *Espantallo amigo*. Os textos de Neira Vilas e Manuel María son os máis infantís. Logo, os outros xa presentan un corte máis popular, ou máis creativo. Foi unha maneira de recuperalos, de que quedara algo visible e non se perdesse na memoria.

-Pasou algo semellante con *Solaina*?

-O repertorio tamén forma parte da miña historia musical, e incluso hai tres temas que compuxen xa hai trinta anos. Quería facer un disco máis folk, aínda que tamén incluímos nel uns temas infantís que nos quedaran atrás. Á hora de produci-lo, deliñábase outra vez un problema, xa que somos unha sociedade cultural que conta tan só cuns recursos mínimos. Como a produción propia resultaba moi difícil, falamos con Kalandraka. A idea parecúlles moi boa, pero claro, dicíannos que non podían producir un disco, porque esa non é a súa función. E así xurdiu o de facelo como libro-disco. As ilustracións do libro son reproducións de placas cerámicas, obra de Francisco Pérez Porto, que xa fixera a portada de *Rolada*.

-*Solaina* contén composicións sobre textos de autores galegos, pero tamén portugueses, como José Mário Branco e Fernando Pessoa, e mesmo unha cantiga de roda brasileira. Teñen Vdes. unha relación coa lusofonía moi estreita, non é?

-Temos. De feito, o meu primeiro traballo profesional como músico foi en París, cando estudaba musicoloxía e onde gravei un disco co cantor brasileiro Geraldo Vandré. Era un dos grandes cantores que estaban exiliados cando a ditadura en Brasil. El estaba en París, Chico Buarque en Roma, e Caetano Veloso e Gilberto Gil en Londres. Aínda que agora é un home totalmente apartado da música, na altura era un dos grandes. Ademais, estou casado cunha brasileira, a miña filla é brasileira tamén... e, por exemplo, o musicólogo que temos no grupo, José Pumar, rematou o curso de musicoloxía en Lisboa, cunha teseña sobre José Afonso. Eu era moi amigo de Afonso, con quen cheguei a tocar n'A Coruña... Tanto por ideoloxía, por afinidade, por interese, por vontade... estamos máis ligados á área lusófona.

- Esta relación tamén se reflicte no cadro de colaboradores, xa que contaron coa participación de músicos brasileiros, pero tamén de Costa de Marfil ou de Cuba.

-Así é. O caso de Samuel Yaô, de Costa de Marfil, foi curioso. El estivo en Vigo hai pouco, nun certame de teatro internacional. Fomos velo, falamos e quedamos con

máis músicos na miña casa. Alí estivemos tocando... el toca o sanza, ese instrumento africano de láminas de ferro; gravámoslle un pouquiño e utilizamos esa gravación como ambientación sonora dun dos temas.

-*Ademais da variedade instrumental, en Solaina tamén xorden diferentes estilos, grazas a colaboradores como Jorge Beltrán, de Siniestro Total, Antonio "Castillo", de Acuña Jazz Quartet, músicos de Xistra de Coruxo...*

-A base do grupo somos cinco: Álex Río, Humberto Heredia, María Xosé López, José Pumar e mais eu. Pero despois, como xa digo, contamos con moitos músicos, ou ben para temas puntuais, como o caso de Yaô ou a brasileira Daiane Peña -que canta unha entrada da cantiga brasileira e logo fai un recitativo-, ou ben cunha presenza bastante ampla, como Castillo ou o cubano Marcos Valcárcel, que lle dan o seu toque persoal aos temas. Segundo as características da canción que queríamos meter, fomos escollendo os colaboradores. Cando falamos con Valcárcel, el dicíanos: "Pero é que eu fago música cubana". E iso era precisamente o que queríamos, un ritmo cubano, non que se puxera a facer un ritmo imitando o dunha jota ou dunha muñeira. Participou neses temas máis modernos, aos que lles vai ben ese tipo de ritmo. É dicir, que cada un tamén deixou a súa pegada.


-*Solaina presentouse como un libro-disco infantil, pero a vontade de Vdes. era facer unha obra para todos os públicos...*

-Ten varias lecturas. Nós non traballamos directamente, ou completamente, o que é o mundo infantil. Porque música infantil pode ser a feita por nenos, a que se fai para os nenos... e a que se fai sobre os nenos, que non é necesariamente infantil. *Solaina* ten tematica infantil, pero sobre todo polos textos. Logo, o traballo musical é máis complexo; é dicir, hai aspectos que son moi atractivos para os rapaces, como a instrumentación, os efectos e as ambientacións sonoras. Pero nós traballamos con harmonías e arranxos complexos, con solos improvisados nalgún tema, que non son nada infantís. E é un disco moi variado, porque hai temas populares, como o "Romance de San Andrés de Teixido" ou a "Danza dos Maios" á beira doutros modernos. Ademais, o noso interese tampouco é facer unha música facilitada para os nenos, obvia, con harmonías moi repetidas. Eu son partidario de que haxa un

pracer pola escoita, que sexa como unha aventura na que vas descubriendo algo novo cada vez que o oes. Por outra banda, non se trata dunha obra na que busquemos o didactismo; porén, é didáctica, con moitísima aplicación para a escola pola variedade de instrumentos, de ritmos, pola calidade dos textos...

-*Vostede foi profesor de música. Que bota en falta na educación musical actual?*

-É complexo. Eu teño unha nena que está na ESO e a verdade é que hai que facer unha forte crítica dos libros de texto de música. Porque son tremendamente rutinarios, acompañados duns cd's que se fan sen ningún respecto, nin polos nenos nin pola música. Collen unha persoa que cante un pouquiño ben, un arranxista que toca un teclado deses que imitan instrumentos, e así sae un disco baratísimo, que xa saben que está vendido. Paréceme dun nivel baixísimo. E logo os mestres... pois moitas veces terían que ter unha maior especialización e, sobre todo, unha maior práctica musical.



JESÚS DE ARCOS

Xico de Cariño

“A escoita ten que ser unha aventura na que cada vez se vai descubriendo algo novo”

Xico de Cariño é un dos integrantes de Na Virada, colectivo cangués que vén de publicar o libro-disco Solaina (Kalandraka): un traballo colectivo no que contaron coa colaboración de grandes músicos de Galicia, Brasil, Costa de Marfil ou Cuba

Amores tardíos

Da man de Xulio L. Valcárcel e Suso Pensado aparece en galego *Serodio amor*, poemario publicado polo hispanista italiano Emilio Coco no 2005 baixo o título de *Il tardo amore*. A versión que ofrecen estes dous poetas tradutores achega ao lector os curiosos versos de Coco, entregado embaixador da cultura de noso no seu país, labor polo que merece todo recoñecemento. É así como a través deste libro descubrimos o seu antirromantismo sarcástico, complicemente humorado, mais tamén unha visión reflexiva e aceda do cotián próximo á senectude, cun mundo do diario inzado de referencias metaliterarias nas que a súa devoción polos autores casteláns se constitúen ben veces en material poetizado.

Canto á tarefa tradutora propiamente dita, cómpre salientar a vontade que Valcárcel e Pensado amosan por interpretar un espírito lírico que necesitou de frecuentes adaptacións dende a cultura de partida á de chegada, así como tamén a aposta (discutible,

segundo enfoques) por moldes versais máis actuais, sacrificando ao versolibrismo os sonetos orixinais de Coco.

Ora ben, o texto galego resultante ofrece problemas serios de tradución que deberían terse evitados, tales como os numerosísimos castelanismos (*ceñudo, talar, zozobrados, tonterías, disfrutaban, habitación, cotidianos, espalda, turnos...*), erros morfosintácticos (*alguén decatarase, a pedra que te oprime, de esas horas no ximnasio, ti leches, palabras coas cais facer...*), confusións semánticas (*fundir* por “*affondare*” ou *trunfar* por “*trionfare*”), modifica-

Visión reflexiva e aceda

ARMANDO REQUEIXO



cións do sentido (“*vulve e falli frenetici*” como *vulvas frenéticas e falos*, “*È l'ora delle intrepide sue geste*” como *É a hora intrépida das súas xestas...*), supresións textuais (“*il tuo bel viso*” como *o teu rostro*, “*e a modo suo anticipa le mosse*” como *anticipando así os movementos*, “*una doccia e a letto svelti*” como *unha ducha e imos á cama...*), adicións textuais (“*alla ricerca della gusta rima*” como *procurando tranquilo a rima exacta*, “*la pressione bassa*” como *a tensión moi baixa*, “*nelle lenzuola*” como *nas suaves sabas*, “*con uno spongliarello*” como *cun intenso streap-tease...*) e, en fin, cuestións de acentuación, hiperenxebrismos, “descoñecementos” gráficos (*eshibindo a quen pasa, e logo reventar a rir*), errática tradución de títulos ou falta de actualización da norma sobre as que, por espazo, non me estenderei.

COCO, Emilio, *Serodio amor* (trad. Xulio L. Valcárcel e Suso Pensado), Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2006, 105 páxinas

Poesía dos 90

No cambio de século

DORINDA CASTRO SOLIÑO



Miguel Louzao Outeiro (Orazo, A Estrada, 1974) é licenciado en Filoloxías Galego-Portuguesa, Hispánica e Románica na Universidade de Santiago de Froito do seu labor como investigador no eido das nosas letras, ofrécenos o volume titulado *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, publicado na colección “Ensaio” da editorial Laiovento, polo que mereceu o 1º premio na modalidade de investigación lingüística na XIV edición, correspondente ao ano 2004, do “Certame Carvalho Calero” que convoca anualmente o Concello de Ferrol.

Trátase dunha esclarecedora e meritoria achega para a comprensión do panorama literario galego dos últimos anos en concreto no eido da poesía. Baseándose nas propostas sistémicas de Itamar Even-Zohar, na visión sociolóxica de Pierre Bour-

dieu e as opinións dos membros integrantes do grupo *Letras de Cal* realizadas a través dunha enquisa elaborada polo propio autor, no libro analízase como a mediados dos noventa xurdiu un grupo de poetas novos que se agrupan arredor da Asociación Cultural Amalia e crean o colectivo *Letras de Cal* (1997-2002) ao grito de “Matar ao pai. Esnaquízalo e enterralo vivo, para que a única lembranza que nos deixe sexan os versos que nos unxiron” (Rafa

Villar), palabras nas que latexaban estratexias sistémicas e que provocaron o debate entre grupos ou promocións poéticas.

Así, despois de realizar un rigoroso percorrido polo panorama literario galego dos anos 80 (editoras, revistas, premios, grupos poéticos, materiais de repertorio priorizados, antoloxías...), analízanse as estratexias levadas a cabo pola nova promoción (xeración?) poética e a súa entrada no sistema a través de publicacións propias, recitais poéticos, novos materiais, crítica e o proceso de consagración de autores como M. Aleixandre, Yolanda Castaño, Enma Couceiro, Marta Dacosta, Chus Pato... (non esquezamos que son estes os anos da irrupción no sistema da poesía feminina), etc.

Velaquí, pois, un libro de referencia para coñecer as liñas de investigación literaria dos estudosos máis novos e o panorama literario no cambio de século.

LOUZAO OUTEIRO, Miguel, *Letras de Cal na produción poética galega dos 90*, Ed. Laiovento, Santiago, 2006, 210 páxinas

Existencia exemplar

Actualidade de Pastor Díaz

ROMÁN RAÑA


É motivo de alegría, cada ano, informar ao lector galego da aparición das obras gañadoras do premio “Ánxel Fole” convocado conxuntamente polo xornal *lugués El Progreso* e pola fundación CaixaGalicia. Fundamentalmente porque os traballos galardoados encaran a produción dos literatos lucenses desde perspectivas sempre enriquecedoras e porque abordan figuras moi escasamente estudadas no noso panorama literario. Nesta ocasión a orixinalidade da obra premiada reside en que a biografía de Nicomedes Pastor Díaz está escrita por Ramón Vilar Ponte e que un grupo de estudiosos, Xesús Blanco, Silvana Castro, Pilar García Negro, Amelia Sánchez, Goretti Sanmartín, se encargou do labor de editala, contextualizala e analizala.

Efectivamente, do seu esforzo conxunto temos nas nosas mans *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar*, de Ramón Vilar Ponte, que mereceu o XIX premio literario “Ánxel Fole”. O estudo iníciase cunha exhaustiva descrición das vicisitudes do manuscrito que Vilar Ponte nunca puido publicar e dos criterios de edición. Trátase dunha obra de lectura amení-

ma, cargada de paixón e de admiración, onde se retrata a figura romántica do precursor Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-Madrid, 1863).

Chama a atención a importancia que tivo o noso vate na gobernación de España (foi ministro en varias ocasións, adepto prestixioso da Unión Liberal, amigo de O'Donnell, prisioneiro unha vez, membro da Real Academia Española, amigo de Zorrilla e Juan Varela, contactando tamén nos últimos momentos da súa vida con Manuel Murguía, quen lle dedica eloxiosas palabras no seu libro *Los precursores*, etc.). Evidentemente, o noso biógrafo ignora a existencia da *Égloga de Belmiro e Benigno*, escrita na nosa lingua e atopada por Xosé María Álvarez Blázquez en 1951. Chaman poderosamente a atención as conferencias ditadas por Pastor Díaz no Ateneo de Madrid no curso 1848-1849 acerca do socialismo, onde profetiza, dun modo estremecedor, que Rusia está destinada a presentar o dilema do radicalismo e da democracia na familia europea. Libro, pois, atractivo e interesante que nos dá máis luz a dúas figuras esquecidas.

BLANCO, Xesús e outros, *Nicomedes Pastor Díaz, unha existencia exemplar*, de R. Vilar Ponte, Fundación Caixa Galicia, Lugo, 2006, 285 páxinas



LIBROS

Relato dunha fuxida

Carlos Quiroga é un coñecido escritor *nas órbitas da resistencia reintegracionista*, segundo as súas palabras, o único galeguismo que “cabe e fica”. Coñecido así mesmo e valorada a súa obra – en especial *Periferias*, reeditada non hai moito en Brasil – en certos ámbitos da lusofonía. Autor dunha obra heteroxénea na que mestura variados rexistros (poesía, narrativa, fotografía) e da que salientamos *G.O.N.G.* (poesía e fotografía, 1999), *Periferias* (narrativa, 1999) e *Inxalá* (narrativa e fotografía, 2006). Gañador dúas veces do premio Carvalho Calero, o único que respecta a liberdade ortográfica en Galicia. Nas dúas obras gañadoras, *Periferias* e *Inxalá*, Quiroga é fiel á escolla ortográfica rein-

te-

Intimismo e metaliteratura

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

que poucas cousas suceden e cun peculiar desenvolvemento diexético rebordante de reflexións e de discursos filosófico – introspectivos, ancoradas entre a épica e o lirismo. Aínda que narrada fragmentariamente e non de forma lineal, *Inxalá* é a historia dunha fuxida, fuxida que comeza coma unha viaxe que un individuo de trinta anos inicia ao mesmo sitio no que, no século pasado, xa viaxara aquel rapaz raro chamado Arthur Rimbaud. Unha viaxe ao planalto abisinio, non na procura de lances, riscos e proezas, senón aparentemente para buscar, pero sen atopar nunca nada, porque a busca é de si mesmo. Finalmente a trama desemboca no “insuceso”, malia que o

Xerusalén negra, construída por anxos. E nestes horizontes, desde o territorio abraiante de Abisinia escribe e á vez evoca a muller amada. Para ela tenta explicar a súa Lalibelá; dela é o sorriso que esculca na muller Afar cando está desprevida; para que ela veña, mesmo sen coñecelo, escribe, porque a fascinación está na paixón e desde tan afastados cantos do mundo descobre que era paixón verdadeira o que sentía por ela. Fálalle así mesmo da súa historia relixiosa e decátase de que a súa

ESTAMOS PERANTE
DUNHA NOVELA DE
VIVENCIAS
SENTIMENTAIS,
PERO CON MOI
POUCA ACCIÓN

única relixión está “na memoria de ti”.

O relato realiza frecuentes referencias a Lisboa, esa xeografía central simbolicamente fundadora que xa atopamos en *Periferias*. Ata que finalmente tamén lembra para a muller que amou e ama, a súa estancia como médico na capital e a súa relación con dúas mortes, que converten realmente a viaxe nunha fuxida: para esquecelas, para se confundir cos “padres do deserto”. Ao igual que eles, tamén medita e busca a salvación que virá dada, unha vez máis, pola unión coa amada.

Novela complexa, como xa quedou apuntado, cunha trama argumental liviá, aínda que na mente do autor latexa un proxecto que a ha completar. Relato intimista, de vivencias, sobre todo sentimentais e de pouca acción, con abundas e quizais excesivas doses de reflexión e de metaliteratura. Ao menos na miña estima.

QUIROGA, Carlos, *Inxalá*, Ed. Lairovento, Santiago, 2006, 110 páxinas

No ronsel do medo

Uxía Casal, autora desta colectánea de relatos publicada baixo o título de *Vidas exemplares*, pertence, talvez, a esta promoción do “espertar” da narrativa galega de autoría feminina que se produce por volta do cambio do milenio e que vai acadando máis resonancia, entre outros elementos, a partir da publicación do volume *Narradoras* (Xerais, 2000), que compilou vinte e cinco relatos de escritoras galegas – algunhas xa posuidoras dunha longa traxectoria, como María Xosé Queizán, e outras que daban neste libro os seus primeiros pasos para logo pasaren, co transcorrer dos anos, a converterse en narradoras cunha presenza adoita no panorama narrativo contemporáneo como poden ser An Alfaya, Rosa Aneiros, Marica Campo, Beatriz Dacosta, López Silva e outras máis.

Entre estas últimas tamén estaba incluída Casal que, con todo, xa contaba cunha obra narrativa previa iniciada anos antes do 2000 pois xa publicara un par de libros para os primeiros lectores – *Un ano de fábula en catro estacións* (1994) e *As ás de Xenoveva* (1996) –, ao que seguiu *Saturno tamén é Deus* (1997), volume de relatos

AUTORA SABE
EXPLORAR TODAS
AS POSIBILIDADES
DUNHA INTRIGA
BEN DOSIFICADA

que, ao meu xuízo, ten tan bastante a ver, como veremos, co libro que aquí nos ocupa. Logo, daría ao prelo aínda a novela *O faro de Arealonga* (2001) e mais *Sede en Ourense* (2005), unha interesante proposta esta última onde se interna nun asunto ben atractivo: a falta de auga transforma radicalmente a vida dos ourensáns e provoca un cambio de costumes evidente nas xentes da cidade.


Con esta bagaxe retorna Casal, arestora, ao xénero do relato curto e faino cun feixe de contos – vinte e un en total – nos que se abeira, como xa quedara deseñado en parte nalgunhs relatos de *Saturno tamén é Deus*, ao ámbito temático do descoñecido, do misterioso, do inexplicable talvez, mesmo da morte; mais

De Vidas exemplares

RAMÓN NICOLÁS

nesta ocasión se cadra as propostas orientáanse un chisco máis se couber á intención de provocar a sensación de medo no lector reforzando ou explotando máis conscientemente todas as posibilidades que unha intriga ben dosificada pode ofrecer, sobre todo á súa conclusión, por veces sorprendente e imaxinativa, beirando así algunhas ocasións o arrecedo xenial dos relatos de terror, tipo Lovecraft, Poe ou outros mestres do xénero.

desde o título pois o título da colectánea non responde en absoluto a asuntos de índole máis ou menos moralizante; antes ben, a exemplaridade destas vidas goza sempre da virtude de posibilitar a creación de mundos orixinais, de corte fantástico, misterioso, terrorífico ou achegados á ficción científica, nos que a voz narradora sabe conducirnos con destreza manexando acadamente os operadores realistas que realzan a sensación de veracidade ou verosimilitude, de cara a aca-



gracionista, sendo consciente de que hoxe en Galicia é de suicidas a súa elección, mais convencido de que a divisa do escritor non pode ser a docilidade, porque co seu instrumento sagrado da palabra é libre de calquera xugo. Xa que logo, o lector de *Inxalá* atopará unha lingua que aproxima o galego ao portugués, mais non só na tona das aparencias ortográficas e lexicais, senón tamén nas súas estruturas gramaticais.

Verbo do seu contido, cómpre dicir que *Inxalá* é unha peza complexa, cun núcleo argumental máis ben parco en acción, no

protagonista entre en relación con mosteiros, frades, relixións que actúan como bálsamo para os tumultos da alma. Aprende das feras e da paz do deserto que deixa de ser un lugar exótico no sentido máis literal do termo e ensina a calmar o temor da loucura. Percorre a antiga Abisinia na compañía dun monxe e dunha moza Afar. E aséntase en Lalibelá, a mítica

dar que o lector asuma como normal a chegada do inexplicable na vida destes personaxes que circulan nos diferentes relatos.

Por outro lado, a autora sabe conducirse con axilidade tanto nas distancias curtas – hai relatos de dúas, tres páxinas como media – como nos contos de maior amplitude. Nuns e noutros mide ben tanto a estrutura do relato, o seu efecto final e o deseño da liña argumental, o que sempre resulta de agradecer.

Estes elementos, así e todo, son os que lle outorgan a cohesión precisa para un libro coma o presente, como tamén lla outorga o feito de os protagonistas destes relatos camiñaren sinuosamente por ese gume que situamos entre a loucura e a cordura, dotando ao seu exercicio de certa visión irónica ou retranqueira presente

CASAL, Uxía, *Vidas exemplares*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 152 páxinas



Arriba: "A volta da feira", de Auguste Bonheur. Abaixo: Jean-Baptiste Carot, "Paisaxe desde o estanque".

Na historia da pintura de paisaxe os anos centrais do século XIX son un momento decisivo no que se asiste a unha transformación radical no xeito de ollar a natureza e de levala ao lenzo, froito dunha mudanza social de grande calado na que se forxa a modernidade nos diferentes ámbitos sociais, un período sobranceiro para a evolución da cultura occidental e en particular para a transformación estética.

Moitos pintores do século XIX comezan devagar a diminuír o seu interese polo sentido simbólico das obras e mesmo pola composición –entendida á maneira do clasicismo e do barroco–, centrando a súa atención na captación directa e mesmo fragmentaria de anacos da realidade.

Se é ben certo que os precedentes desta actitude xa se poden enxergar nos paisaxistas ingleses do período romántico, e nomeadamente en Constable, e en pintores franceses como Pierre-Henri de Valenciennes, será coa chamada Escola de Barbizon cando esta tendencia acadé o seu punto de inflexión.

Os artistas de Barbizon son chamados así pola vila do mesmo nome, situada na fraga de Fontainebleau, ao sur de París, onde principiaron a se reunir pintores para intercambiar experiencias nunha comunidade singular, aínda que a orixe do movemento hai que procurala na impresión que causa en París a mostra de pintores ingleses en 1924, en especial a obra de John Constable.

Aínda que Jean-Baptiste Camille Corot (1796-1875) xa frecuentaba Fontainebleau antes de 1930 non será até a década dos corenta cando se consolide Barbizon como centro artístico coa chegada de Jean-François Millet (1814-1875), Théodore Rousseau (1812-1867), Charles-François Daubigny (1817-1978), Jules Dupré (1811-1888) e Narcisse Díaz de la Peña (1808-1876). Con eles aséntase a ollada realista sobre a paisaxe, unha ollada allea a calquera tentación simbolista e ábrese o camiño cara o impresionismo; cómpre lembrar que, por exemplo Daubigny tivo unha influencia decisiva na obra de Monet e Pissarro, pintores aos que apoiou en momentos iniciais da aventura impresionista.



A mostra A Escola de Barbizon –comisariada por Marisa Oropesa– que se pode contemplar no Centro Cultural Caixanova en Vigo até o 18 de febreiro, por medio de corenta obras e vinte autores, entre os que están dos máis relevantes pintores desta escola procedentes de museos franceses e coleccións privadas, permite seguir este momento fulcral da Historia da Arte nunha secuencia que pode partir moi ben da obra do Millet presente na mostra: *O verán*, *Ceres*, un cadro aínda a medio camiño entre a alegoría mitolóxica e a vontade paisaxística pura. O percorrido pode seguir con Corot –probabelmente o maior paisaxista do XIX– representado con tres obras nas que achamos un crador xa afastado dos seus inicios de formación neoclásica. Un artista que vai pasar da grandeza clásica das súas primeiras composicións cara a unha pintura máis fresca ao ar libre, un camiño ao que non é allea a súa amizade con Daubigny.

Sentir a Natureza

A escola de Barbizon
en Caixanova

 CARLOS L. BERNÁRDEZ

A eles seguen os grandes nomes da Escola de Barbizon, que son propiamente os membros desta comunidade artística: Daubigny, T. Rousseau, Constant Troyon e Narcisse Díaz de la Peña, catro nomes maiores aos que acompañan pintores quizais menos coñecidos mais de notábel calidade como Auguste Bonheur, Raymond Brascassat, Alexandre G. Decamps, Henri-Joseph Harpignies, Charles Jacque, Camille Flers..., salientando o conxunto de pinturas de temática animalística de Rosa Bonheur.

Unha ollada selectiva

Para estes pintores é esencial a ollada selectiva que lles permite a captación dun anaco da realidade, tratada en xeral cunha sobriedade que os afasta da pintura romántica anterior, aínda que non deixa de percibirse neles –sobre todo en T. Rousseau– a presenza de aspectos cósmicos, como pode ser, por exemplo, unha treboada que delata herdanzas da mirada romántica. Mais o dominante é a visión naturalista da realidade, baseada na tradición da paisaxe holandesa do XVII e influída polos paisaxistas ingleses, en especial por Constable, ao que eles achegan un traballo directo a partir do contacto pleno coa natureza. Para estes pintores a conmoción emotiva é un factor determinante –“sentir a natureza”, expresión que empregan en máis dunha ocasión– o que fai que procuren unha familiaridade fonda e continua coa mesma, unha familiaridade que non se pode adquirir apenas contemplando o medio natural senón vivido nel, inseríndose plenamente no mesmo.

O que tamén é común en todos é a percepción de que a natureza pura abundaba para crear unha verdadeira arte e para a reprodución da mesma empregan, como Courbet, a reprodución do colorido local, cunha paleta escura na que dominan as cores terrosas e os tons verdosos. Todo ao servizo dunha nova maneira de vivir e de mirar que xa anuncia a plena modernidade.

Historia de cegoñas

Unha aproximación á obra do ferrolán Antonio Yáñez Casal fainos concluir que 2006, o ano que vimos de despedir, foi para el un ano relativamente fructífero polo menos dende o punto de vista dos recoñecementos, pois acadou o premio Raíña Lupa, do que xa fora finalista en 2000 e 2004, con *Viaxe a Libunca* e resultou tamén finalista do premio Merlín de literatura infantil con *Natasha e Dimitri* unha novela infantil que vén de editar edicións Xerais de Galicia.

Se a obra galardoada co Raíña Lupa, que narra unha viaxe a Libunca, o país dos mortos, constitúe un texto tan atractivo para nenos coma para adultos o certo é que *Natasha e Dimitri* é claramente unha novela dirixida aos máis pequenos, mais aos que xa amosan unhas competencias lectoras que lles permitan enfrontarse a unha extensión de texto considerable, pois os lectores de arredor dos sete anos, afeitos a pequenas historias, abraiaranse nun primeiro intre mais comprobarán co paso das páxinas que a lectura non presenta ningunha dificultade engadida xa que tanto a redacción coma o tema están escrupulosamente pensadas para este grupo de rapaces.

Trátase esta da historia de Natasha e Dimitri, dúas cegoñas que se adican

Dos contidos transversais

PAULA FERNÁNDEZ

ao mesmo que moitas durante séculos popularmente: repartir nenos e levarllos ás persoas que desexan ter fillos. Resulta curiosa a modernización deste primitivo oficio agora controlado dende unha auténtica oficina de envíos internacionais e onde Dimitri, cegoña cun expediente exemplar, se encarga de facer a rota París-Italia, a súa preferida non só por resultar unha viaxe agradable senón porque é a mesma que fai outra cegoña, Natasha, da que Dimitri namora.

Será esta fascinación que lle produce a fermosa cegoña a que faga que a Dimitri lle aconteza o máis humillante, se cadra, para unha cegoña con este oficio: perder un bebé. A partir deste feito o interese de Dimitri centrarase en resolver o roubo de que fora obxecto.

Tras as pesquisas de Dimitri e o desenlace da historia o lector pode ir máis alá e axudado polo texto reflexionar sobre o feito de que nacer dunha determinada especie, no caso da lectura, raza ou posición social, nas nosas vidas, non debe ser un impedimento para realizarmos calquera actividade e, mesmo dende a escola, o volume pode ser empregado para contribuír cos contidos transversais desta sorte.

YÁÑEZ CASAL, Antonio, *Natasha e Dimitri* (ilustr. Rodrigo Chao), Ed. Xerais, Vigo, 2006, 133 páxinas



Calidade de vida


Revista Maremagnum

LUCÍA SEOANE

Por unha vida de calidade”: velaí o título do editorial, e que figura aínda tamén na portada desta nova entrega –a que se corresponde co número dez na súa particular traxectoria– da revista *Maremagnum*, publicación galega sobre os trastornos do espectro autista, que dirixe Cipriano Luís Jiménez Casas e que edita Autismo en Galicia, desde Santiago de Compostela.

Así pois, comeza o seu percorrido este novo número da publicación que estamos a recensionar cunha reflexión arredor do dereito á calidade de vida por parte de todos os seres humanos que habitan, habitamos, nun mundo caracterizado por elementos de dualidade e de confrontación; unha calidade de vida á que han

de acceder, con maior razón, todas aquelas persoas que entran no espazo da exclusión e da marginación, pero unha calidade de vida que só será posible desde a perspectiva dun c a m b i o cultural na área de valores. Velaí, entón, a mensaxe da editorial de *Maremagnum* e que impregna todo o contido da revista e, desde logo, o proxecto daqueles que nela fian.



“O diagnóstico tempoerán do autoismo e investigación epidemiolóxica nos trastornos do espectro autista” é o título do traballo que achegan, a seguir, Manuel Posada de la Paz, M.J. Ferrari, E. Touriño e mais L. Boada. A este séguenlle “Transtornos do espectro autista. Unha visión xeral”, da man de Rutger Jan Van der Gaag e “O dereito ao traballo das persoas con autismo”, escrito polo director da revista, Cipriano Luís Jiménez Casas.

Estrela Vázquez Allegue e Ana María Martínez Díez traballan, respectivamente, arredor de “A motivación laboral desde a organización” e “O compromiso de ser un profesional que traballa con persoas con trastornos do espectro autista”. Unha análise do papel dos medios de comunicación como integradores das persoas discapacitadas –realizada por un colectivo de autores–; “Teoría da paisaxe”, de Francisco Xavier Río Barja e mais “Do enigma ao misterio”, da man de Xosé Chao Rego son os títulos das outras achegas que, finalmente, dan forma e contido a esta entrega número dez de *Maremagnum*: unha publicación á que sempre damos a nosa benvida.

VVAA., *Maremagnum*, nº 10, Santiago, 2006, 172 páxinas

Hipopótama urbana

Texto e ilustración alíanse nun fermoso volume que OQO Editora publica baixo o título *Chocolata*, para acompañar á protagonista do conto, unha voluminosa e tenra hipopótamo femia, na súa excursión a unha casa de baño na cidade. As artífices de tan singular historia, Marisa Núñez e Helga Bansch levarán os cativos de entre tres e sete anos a un mundo perfectamente real e imaxinario á vez, facendo que que os animais, xogando coas claves e regras que rexen a vida dos homes, non perdan de vista o que son, o lugar no que viven e os seres que os rodean.


Informada polo seu amigo Teófilo, Chocolata entérase da existencia dunha casa de baños na cidade e alá se dirixe unha mañá cedo para probar as excelencias de tal instalación. Cando chega, sente a necesidade de adaptarse á nova situación, así que merca roupa, calzado, come nun restaurante, dáse un baño, descansa nun hotel e

Enriquecendo visións

MARÍA NAVARRO

Dende o punto de vista psicolóxico e emocional resultan especialmente rendibles as historias nas que os animais son protagonistas, sobre todo, porque poden ofrecer ao lector-espectador a parte máis tenra e sensible da especie e ao mesmo tempo amosar condutas que superan o comportamento humano en canto a actuación exemplar se refire. Sorprende, neste sentido, a extraordinaria adaptación ao medio que experimenta a protagonista aproveitando cada momento, cada instante, cada actuación como se fose única, a pesar da incomodidade que cada unha lle supón e é aí onde residen os valores que fundamentan a narración. Unha narración na que a autora intercala algún verso rimado que capta a atención do lector-oínte e fai referencia a libros-temas editados recentemente e na que a ilustradora, servíndose da cor alegre e o trazo definido, transporta os cativos a un mundo de clara inspiración africana, onde teñen cabida os protagonistas da historia e unha cultura urbana comparable á nosa, para dende aquí situalos nun ambiente diferente ao que viven, enriquecendo deste modo a súa visión do cosmos.

NÚÑEZ, Marisa e BANSCH, Helga, *Chocolata*, OQO Ed., Pontevedra, 2006, 30 páxinas



volvete á selva onde os seus amigos a reciben impacientes por escoitar novidades e onde, enzoufada en barro, disfrutará do mellor baño do mundo.

A *Per Loca Marítima* foi unha das vías romanas, xunto á Vía XIX e á Vía Nova, que permitiron á sociedade galaica de hai 20 séculos artellarse e, quizais por vez primeira por terra e dun xeito regular, conectarse co mundo que bulía alén das serras orientais e do Bierzo. E agora é o nome escolleito para unha compilación que reúne boa parte do feito na música galega en 2006, nomeadamente naquela que adoitada denominarse "non subvencionada". Mais a *Per Loca*, non é só iso, senón tamén o altofalante empregado pola grei de *Komunikando.net*, para dar a coñecer o seu labor, recentemente encetado, de crearen un punto de encontro onde promover e espallar a produción musical galega. Unha mancha de grupos, máis de trinta, aparecen vencellados a esta iniciativa, cun abano de estilos amplo, dende o ska á música balcánica e facendo oco para a electrónica ou o rock, e coa característica dunha mestura de xeracións musicais, de traxectorias, que permite convivir grupos consolidados, ou novos proxectos de músicos e músicas galegas de longas andainas, coas propostas de mozos que veñen de aportar á escena.

Isto reflíete esta compilación, *A Per Loca 2006*, (*Komunikando*, 2006), e xa que logo, polos vinteseis

ex-Papaqueixos, o propio Manu Chao, cantando en galego, tamén *A Matraca Perversa*, elo imprescindible entre esa época do rock bravú e a actual, onde o xurdimento de novas formacións de toda caste está a revolucionar a escena musical galega; algunhas delas xa con certa sona coma *Lamatumbá* ou *A Compañía do Ruído* e outras

Desde Komunikando

DANIEL LAVASEDO

Per Loca

promoción e distribución, de concertos,...., dos nosos grupos; énos máis doado sabermos das desventuras de Morrissey no seu camiño cara a Eurovisión, ou da feliz volta aos escenarios de Britney Spears, dous exemplos ben diferentes e ben significativos, que coñecemos en que andan enleados catro mozos da nosa vila ou cidade. E igual que a *Per Loca* vertebrou a Gallaecia, dende *Komunikando.net* percuran vertebrar de volta Galiza, a súa produción musical, para sabermos que acontece e para saberen tamén, polo mundo en diante que se está a facer neste recuncho do que aínda podemos dicir que é verde, entrementes mudanzas climáticas e urbanísticas non o estraguen de vez.

Por iso o labor deste colectivo non vai ficar na edición, puntual ou non, de compilatorios, senón que pretenden ser unha fiesta onde atopar información sobre os concertos e novos traballos dos grupos vinculados, moitos máis dos que aparecen no disco, onde se poder conectar a unha radio que permita navegar pola rede coa súa música de fondo, e incluso andan argallando *Komunikando TV*, lugar axeitado para dar saída ao material audiovisual que se vai creando arredor das bandas.

O labor a desenvolver é complexo, mais o obxectivo de consolidar o

Música ao vivo

Hoxendía, mentres a SGAE e moitos grupos e artistas, galegos e do resto do Estado, loitan contra a piratería, -unha batalla que moitos ven irremisiblemente perdida- a vaga de novas formacións que veñen de aterrizar no panorama musical buscan outros vieiros para se achegar ao público. Maioritariamente convencidos de que é xa imposible tentar

sobrevivir en exclusiva das vendas dos seus traballos discográficos, agachados atrás da mercadotecnia, e de que tripar escenarios é o único xeito de vivir a música, grupos coma *The Homens*, un grupo compostelán de power pop formado a finais do 2004 por Xocas (batería), Roi (baixo e voz) e Martin Wu (guitarra e voz), permiten dende a súa páxina web a descarga dos temas dos seus dous EP's ou incluso ofrecen unha ligazón directa ás súas cancións no Emule. Tamén *Proyecto Mourente*, -quen malia non querer seguir ningún estilo musical concreto, "procura una sensibilización sobre a necesidade urgente de fazer pop electrónico en galego"-, permite descargar os temas do seu primeiro traballo, *Baixo os eucaliptos*, (*A Regueifa Plataforma*, 2006), dende a súa páxina.

Neste senso, a creación de *Clubtura*, Asociación galega de salas de música ao vivo, e dunha rede galega de concertos, co apoio do IGAEM e da Xunta, vai tamén nese mesmo camiño que permita crear de vez ese arelado circuito de concertos co que grupos e salas poidan traballar e presentar a súa oferta cultural. *Clubtura* conta xa con máis de 50 salas asociadas a unha idea que naceu das mentes inculcadas de Segundo Grandío, da sala *Clavicémbalo de Lugo* e Leiro do *Aturuxo de Bueu*, e neste primeiro semestre de 2007 nestas salas repartidas por toda a xeografía galega están a tocar os primeiros 75 grupos seleccionados para a rede de concertos.

tes do disco, -moi difícil de atopar arestora mentres non saia unha reedición xa que a primeira se esgotou en apenas dous meses malia os atrancos na distribución-, van pasando todo unonsel de nomes recoñecidos da escena musical alternativa dos anos 90: *Zénzar*, *Soak*, *Skacha*,...., novos proxectos creados por músicos pertencentes a formacións extintas, coma *Os Tres Trebóns*, *Xurxo Souto* acaráron de *Fran Amil* e *Antón Díaz*,

son pequenas alfaias descoñecidas lonxe de círculos reducidos ou no mellor dos casos da súa bisbarra, coma o grupo coruñés *Dandy Fever*, que desprega nos seus temas o mellor da música xamaicana dos anos 60, a *Festicultores Troupe*, abraiante pasarrúas de música balcánica que trunfou este verán polos festivais de todo o país, ou o dúo pop *Fanny+Alexander*. Eis a chave da xénese deste recopilatorio, a explicación ao significado do seu nome. Como xa se dixo en moitas ocasións, adoecemos no noso país dun circuíto estábel de

sector cultural galego, xerando emprego que fuxa do agocho das subvencións oficiais e asemade aportando unha oferta cultural á sociedade máis ampla e de maior calidade paga a pena. Para alén disto, e como sinalan na súa páxina, a música reflíete as diferentes cosmovisións que conforman Galiza, sen desbotar as opcións nunca representadas nun parlamento. É o soporte que dá voz aos desacougos máis íntimos dunha sociedade non sempre representada. En definitiva; un medio de socializar e democratizar a cultura e as expresións culturais.

